



**INFORME DA XUNTA DE PERSOAL DA PROVINCIA DE LUGO**  
**2 de decembro de 2016 ás 10:30 horas**

**ORDE DO DÍA:**

**1. Lectura e aprobación da acta anterior.**

**2. Debate e votación sobre as propostas de resolución presentadas polo STEG sobre:**

- Recoñecemento das funcións de dirección por parte das persoas que as desenvolvan en ausencia da persoa titular do cargo.
- Asignación de persoal adminstr. ós centros que actualmente non contan con el.
- Regulación das prazas con materias afíns para facilitar a petición dos centros
- Abastecemento de gasóleo nos centros
- Recursos materiais, organizativos e humanos e criterios pedagóxicos de calidade para a FP Básica
- Aumento de dietas de desprazamento para as EOE.
- Modificación da normativa que regula as comisións de servizo por conciliación da vida laboral e familiar

**3) Reclamación de vacantes para os concursos de Traslados**

**4) Comisión de baremación para posto especialista de mantemento aeromecánica no CIFP As Mercedes de Lugo**

**5) Reunión pendente coa Xefatura Territorial a respecto da FP Básica na nosa provincia.**

**6) Rogos e Preguntas.**

**Organizacións presentes: Anpe, CIG, CC OO, C-SIF, STEG e FETE-UGT.**

1. Lese e apróbase a acta da xuntanza anterior

2. Procede a tratarse cada unha das propostas de resolución presentadas polo STEG.

*Revisión do sistema de contratación do gasóleo adoptado recentemente pola Consellería de Educación dos seus centros públicos, por encarecer os custos, non mellorar o servizo e supoñer un incremento do traballo burocrático dos mesmos.*

A Xunta de Persoal Docente non Universitaria da Provincia de Lugo reclama que a Consellaría de Educación revise o sistema de contratación de gasóleo, pois non repercute nin na redución do prezo, nin na mellora do servizo e aporta máis carga burocrática aos Centros; e esixe que non se lle furte aos Centros a posibilidade de negociar con outras empresas subministradoras mellores prezos e servizos.

## **RESOLUCIÓN APROBADA POR UNANIMIDADE.**

***Regulación das materias afíns e solicitude de creación dunha comisión provincial, na que estean presentes as OO.SS, para a revisión de perfís das vacantes ofertadas nos CADP, co obxectivo de evitar irregularidades.***

A Xunta de Persoal Docente non Universitaria da Provincia de Lugo solicita que se creen comisións provinciais que revisen os perfís das vacantes con afíns. Estas comisións provinciais deberían estar formadas por representantes das OOSS e por membros das Administracións Provinciais, e nas mesmas a administración debería informar ás OOSS dos perfís das vacantes afíns do CADP

## **RESOLUCIÓN APROBADA POR UNANIMIDADE**

***Demanda do recoñecemento, a todos os efectos, das funcións de dirección e de xefatura de departamento ás persoas que as veñen desenvolvendo en ausencia das persoas titulares do cargo.***

A Xunta de Persoal Docente non Universitaria da Provincia de Lugo ESIXE á CONSELLERÍA que proceda a recoñecer, con efectos económicos e administrativos, o desempeño das funcións de cargo directivo e xefatura de departamento ás persoas que as veñan exercendo en ausencia das titulares, no camiño de favorecer o seu desenvolvemento e compensar as traballadoras e traballadores do ensino que as desenvolven chegado o caso.

## **RESOLUCIÓN APROBADA POR UNANIMIDADE.**

### **XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E O. U. DA PROVINCIA DE LUGO**

***Demandas para o bo funcionamento dos Equipos de Orientación Específicos.***

1.- Cada vez son máis os casos de estudantes non diagnosticados nos centros educativos, sendo fundamental a atención á diversidade no cumprimento do decreto 229/2011 do 7 de decembro.

2.- As partidas orzamentarias dedicadas as dietas de desprazamento das distintas especialidades dos Equipos de Orientación Específicos (88 euros para combustible e manutención ao mes) supón na práctica un atranco importante para o diagnóstico e posterior seguimento dos diferentes casos dos EOE xa que o presuposto asignado non alcanza para realizar o seguimento adecuado (varias visitas ao ano) do alumnado diagnosticado.

Resulta evidente pois, que a previsión orzamentaria neste tema , é de todo insuficiente. O que ocasiona que o ensino público non garanta a atención por igual a todo o alumnado sen excepción.

3.- A cobertura das baixas nestes equipos non se ven facendo dun xeito automático ao longo destes anos, o que repercute no bo funcionamento dos EOE. Xa que cando non se cubre unha baixa, desaparece a asignación económica e o traballo teñen que repartilo entre o resto dos membros dos Equipos Específicos

Por estas razóns a Xunta de Persoal Docente non Universitario da provincia de Lugo esixe:

- 1.- Incremento dos Equipos de Orientación Específicos
- 2.- Aumento a 160 por mes e asesor/a para poder realizar diagnóstico e seguimento de calidade, e non perder esta asignación económica por baixa dalgún dos asesores/as.
- 3.- Cobertura inmediata de todas as baixas.

## RESOLUCIÓN APROBADA POR UNANIMIDADE.

### ***Demanda de negociación á Consellería de Educación para a modificación da orde que regula as comisións de servizo de conciliación da vida laboral e familiar.***

A orde que regula as comisións de conciliación de xuño de 2006, foi modificada en dúas ocasións para incorporar novas casuísticas e modificar os criterios de concesión, sendo a última modificación de marzo de 2012.

Nos últimos tempos o paradigma de familia tradicional viuse superado por diferentes casuísticas as que non lles está a dar resposta dita orde (**familia monoparentais, custodias compartidas, partos múltiples...**).

Debido a esta situación a Xunta de Persoal Docente non Universitaria da Provincia de Lugo esixe que se negocie na mesa sectorial unha nova redacción da orde de xuño de 2006, no senso de estender este dereito a todo o profesorado e de incluír coa adaptación necesaria dos criterios requiridos as diferentes realidades familiares existentes, así como contemplar cambios nos requisitos actuais para adaptarse mellor as necesidades de conciliación do profesorado galego

## RESOLUCIÓN APROBADA POR UNANIMIDADE.

A proposta relativa á asignación de administrativos a todos os centros que non contén con el é unha petición acordada na última xuntanza, polo que se retira a mesma.

No tocante á implantación da FP básica decide adiarse a súa votación en agardando a reunión coa Xefatura Territorial e a Xefatura de Inspección sobre este asunto.

3) Dáse conta dalgunhas reclamacións ás vacantes do CXT para facerllas chegar á Xefatura de Inspección.

4) O presidente da Xunta de Persoal da conta da evolución e incidencias no seu labor da **Comisión de baremación para posto especialista de mantemento aeromecánica no CIFP As Mercedes de Lugo**, a que está a acudir como membro da Xunta de Persoal.

5) No tocante á reunión pendente coa Xefatura Territorial sobre a cuestión da FP básica, o Presidente informa de que aínda non hai data para a mesma.

Sen máis temas que tratar, dase por concluída a xuntanza ás 13:00 horas.